



Acordo de Financiamento do Instrumento Financeiro Préstamos Pemes Galicia Feder 2014-2020 entre a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e Axencia Galega de Innovación (GAIN)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Subdirector de Acceso ao Crédito da Area de Financiamento do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

DECLARA:

Que este Instituto ten previsto formalizar coa Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, como organismo intermedio do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020, e coa Axencia Galega de Innovación(GAIN) o acordo de financiamento arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023, prevéndose a posibilidade de prórroga por acordo das partes seis meses antes do vencemento.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer un instrumento financeiro de préstamos pemes para Galicia e acordar as normas relacionada coa súa xestión, incluíndo o outorgamento por parte da Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro como organismo intermedio do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020 e a favor do Igape, do dereito a actuar como beneficiario do Instrumento Financeiro; definir as normas de aplicación do Instrumento Financeiro; establecer a estratexia de investimento e o Plan empresarial, así como establecer a información necesaria según o artigo 38.7 do Regulamento 1303/2013 de Disposicións Comúns relaativas ao FEDER, FSE, Fondo de Cohesión, FEADER e FEMP.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

-Dentro do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020 está previsto o uso de instrumentos financeiros reembolsables para mellorar o acceso das pemes ao financiamento.

Tras a realización da Avaliación Ex Ante sobre instrumentos financeiros baseados en Fondos EIE do 2014-2020 para Galicia esixida en art. 37.2 do Regulamento 1303/2013/UE do 17 de decembro (DOCE L347 do 20.12.2013), mostráronse oportunidades de mellora no financiamento dos investimentos produtivos no territorio galego, mediante distintos tipos de produtos financeiros para as pequenas e medianas empresas, como préstamos, garantías, capital e préstamos participativos. A estratexia de investimento incluído no devandito documento, recolle que os distintos produtos previstos poden perseguir os retos de forma conxunta ou illada, de maneira que non é necesaria a posta en marcha de todos eles para comezar a responder as necesidades das empresas, e conclúe que o produto prioritario para a súa posta en marcha son os préstamos directos a pemes.



- En virtude destes antecedentes, a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, o Igape e Gain, ten previsto constituir un instrumento financeiro de préstamos a Pemes Galicia Feder 2014-2020, do que Igape vai ser desinado xestor, que cunha dotación total de Trinta e Tres millóns de euros (33.000.000 €) financiada ao 80% con fondos FEDER, ten por obxecto financiar proxectos de investimento economicamente viables das pemes na Comunidade Autónoma de Galicia.

O Instrumento Financeiro de Préstamos Pemes Galicia Feder 2014-2020 (IFPG), abarca diversas modalidades de préstamos directos do IGAPE con tipos de xuro reducidos e adecuadas condicións de prazo e garantías reducidas para as pemes, destinados tanto a proxectos de novos emprendedores, proxectos innovadores e proxectos acometidos por empresas obxecto de procesos de refinanciamento ou reestruturación, - con acceso todos eles a financiamento máis difícil con carácter xeral no mercado financeiro en atención aos riscos e menor disponibilidad de garantías que comportan-, como a proxectos de creación de novos establecementos e de mellora da competitividade das nosas pemes, en particular vencelladas ao sector da nova industria, nos que tamén determinouse un fallo de mercado e deficiente acceso ao crédito por parte das pemes da Comunidade galega.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago, 25 de setembro de 2017

O Subdirector de Acceso ao Crédito

Alberto Vivero Fernández